



PROFESIONAIS E PACIENTES XUNTOS PARA "VIVIR SEN FUME"

- *Con motivo do Día Mundial sen Tabaco profesionais de Atención Primaria e Hospitalaria, Asociacións de pacientes, e ex fumadores organizaron unha serie de actividades de concienciación á cidadanía*
- *O Álvaro Cunqueiro celebrou unha sesión informativa e formativa na que participaron profesionais de medicina e enfermaría de distintas especialidades médicas*
- *Ademais, convocouse un concurso de debuxo entre os nenos e nenas hospitalizados*
- *O centro de saúde de Lavadores organizou unha sesión grupal na que os protagonistas foron ex fumadores, que relataron a súa experiencia e animaron aos fumadores a deixar de fumar*

Vigo, 1 de xuño de 2023. Profesionais sanitarios de Cardioloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía e Medicina Familiar e Comunitaria uníronse onte para expresar o seu rexeitamento fronte ao tabaco e enviar unha mensaxe para concienciar á cidadanía: o tabaco mata, pero é posible deixar de fumar.



Neste contexto, no Álvaro Cunqueiro tivo lugar unha sesión formativa e informativa na que participaron profesionais sanitarios, facultativos e enfermaría, dos servizos de Cardioloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía e Medicina Familiar e Comunitaria para abordar o tabaquismo desde as diferentes especialidades. Nesta xuntanza tamén participaron a Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) e a Asociación de Pacientes Cardiopatas da área sur de Galicia (SUR SUR COR).



Tamén se instaláron dúas mesas informativas, unha no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro e outra no Hospital Álvaro Cunqueiro, nas que os profesionais ofreceron información e repartiron folletos explicativos sobre os efectos nocivos do tabaquismo e dos diferentes tratamentos para deixar esta adicción.

Ademais, convocouse un concurso de debuxo entre os nenos e nenas hospitalizados que expresaron a súa visión do tabaquismo baixo o lema "25 razóns para deixar de fumar".



Ex fumadores, protagonistas no centro de saúde de Lavadores

No centro de saúde de Lavadores, a Unidade de abordaxe do Tabaquismo organizou un encontro cos pacientes que ao longo dos anos abandonaron o consumo de nicotina. Nesta xuntanza, que contou coa asistencia dunha trintena deles, os ex fumadores expuxeron a súa experiencia no proceso de deshabitación tabáquica e enviaron unha mensaxe pública de que é posible, e se pode deixar de fumar.

Tamén celebraron a vida sen fume, e recordaron os beneficios obtidos co abandono do tabaco, e revalidaron o seu compromiso coa abstinencia.



O tabaco é a principal causa de morte evitable no mundo. Trátase dunha enfermidade crónica aditiva polo que para a súa abordaxe son precisas estratexias que vaian desde a prevención ata o tratamento e a rehabilitación.



Na Área Sanitaria de Vigo funcionan varias Unidades específicas de Deshabitación Tabáquica, sitas no Hospital Nicolás Peña, no Meixoeiro, no Álvaro Cunqueiro e no Centro de Saúde de Lavadores.

Ademais, en todos os centros de saúde, os facultativos están a disposición dos fumadores que queren deixar o tabaco para darlles pautas a seguir ou aconsellar sobre as mellores maneiras de atallar o hábito.



Xornada "Vivir sen fume"
Hospital Álvaro Cunqueiro



Centro de Saúde
Nicolás Peña



Centro de Saúde
Pintor Colmeiro



Centro de Saúde
Lavadores

